

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias (FAGAL)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias (FAGAL) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2026-2027, isto é o día 31 de agosto de 2027, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias (FAGAL) nas accións e actividades dirixidas á promover as relacións interxeracionais, así como a



corresponsabilidade familiar nos coidados das persoas maiores, enfermas ou dependentes.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, como o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia dispoñen que o currículo das distintas áreas ou materias debe considerar, desde un enfoque transversal a todas elas e entre outros aspectos: a igualdade de xénero a través da coeducación e a aprendizaxe da igualdade efectiva de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual, a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.



Que FAGAL é unha entidade sen ánimo de lucro, composta por 15 asociacións galegas de alzhéimer que suman máis de 5.000 familias que desde o ano 1998 presta servizos a persoas con alzhéimer e ás súas familias co fin de atrasar o avance da enfermidade, mellorar a súa calidade de vida e ser un apoio neste proceso, que ten entre os seus principais fins os seguintes:

- a) Representar e ser portavoz do conxunto das Asociacións de Familiares de Enfermos de Alzhéimer e outras demencias en Galicia, nas cuestións que sexan competencia federada.
- b) Promover o desenvolvemento e cumprimento dos fins das asociacións integradas en FAGAL.
- c) Defender os dereitos e o cumprimento dos deberes das distintas asociacións federadas, sen prexuízo da lexitimación que corresponde a cada unha delas.
- d) Prestar a todas as asociacións federadas asesoramento e axuda nos temas vencellados aos fins da asociación.
- e) Promover actuacións destinadas a mellorar a situación das familias e unha mellor atención aos enfermos.
- f) Reclamarlle as autoridades e organismos públicos a creación dunha infraestrutura de apoio (psicolóxico, de axuda a domicilio, ...) as familias e unha maior atención aos enfermos.
- g) Reclamar a creación de centros específicos para a atención destes enfermos.
- h) Promover a realización por parte da Administración Pública do censo de enfermos de Alzhéimer e outras demencias existentes en Galicia.
- i) Desenvolver actividades de sensibilización social respecto a problemática que esta enfermidade provoca.



j) Colaborar con outras organizacións semellantes, provinciais, autonómicas, estatais, ou doutros países, que participen total ou parcialmente dos fins desta Federación, naquelas cuestións que sexan de interese mutuo.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa e no desenvolvemento de accións e actividades dirixidas á promoción das relacións interxeracionais, así como a corresponsabilidade familiar nos coidados das persoas maiores, enfermas ou dependentes, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

